



A presidenta do Parlamento amósase sorprendida polas declaracións de deputados socialistas en relación coa ponencia de reforma da CRTVG

Pilar Rojo recorda que son as propias Comisións parlamentarias as que configuran as súas ordes do día

- **Unha vez constituída a Ponencia, non é competencia da Presidencia do Parlamento valorar nin organizar o ritmo dos traballos, xa que son os propios órganos de cada Comisión os encargados desa tarefa**

Santiago, 19 de outubro de 2010.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, aclara, en resposta a un escrito que lle foi remitido onte polo Grupo Socialista en relación co funcionamento da ponencia de reforma dea CRTVG, que son as propias Comisións da Cámara as encargadas de organizar o seu traballo e configurar as súas propias ordes do día

Nun escrito remitido ao Grupo Socialista, a presidenta da Cámara aclara que, unha vez constituída a Ponencia, non é competencia da Presidencia do Parlamento valorar nin organizar o ritmo dos traballos, xa que son os propios órganos de cada Comisión os encargados de fixar a orde do día, tal e como establece o Regulamento do Parlamento de Galicia.

“Sorpréndeme –afirma Pilar Rojo no escrito-, as declaracións das súas señorías, ás que supoño coñecedoras do Regulamento do Parlamento de Galicia, o que fai que desde a miña posición institucional me vexa obrigada a matizar a

cuestión que suscitan para axustarnos ao rigor que todos debemos observar nesta Cámara".

Saúdos, Gabinete de Comunicación